

## Demetrio Durán Hermida e o Carnaval de 1900 en Pontevedra

Seis debuxos do artista pontevedrés Demetrio Durán Hermida achégannos á xénese do Carnaval de 1900 en Pontevedra, un dos más celebrados e mellor documentados, non só polas detalladas descripcións aparecidas na prensa da época<sup>1</sup>, senón tamén, e especialmente, a través dun brillante opúsculo ilustrado que lle dedicou Enrique Labarta Pose<sup>2</sup>. Son cinco deseños de carrozas e un bosquexo para o vestiario dun dos coros que participaron no multitudinario desfile carnavalesco que ese ano, organizado pola *Sociedad Liceo Gimnasio* e dedicado ó *Carnaval antiguo y moderno*, percorreu as rúas da cidade.



Cuberta de *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, de Enrique Labarta Pose,  
ilustrada cunha fotografía realizada polo autor.

Coa súa característica xenialidade, Labarta conta como Demetrio Durán e o daquela secretario da *Sociedad Gimnasio* lle piden que escriba un *apropósito*, unha parodia titulada

<sup>1</sup> *Diario de Pontevedra*, 24-2-1900, 26-2-1900, 28-2-1900, 1-3-1900; *La Gaceta de Santiago*, 31-1-1900

<sup>2</sup> LABARTA POSE, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Pontevedra, Tip. La Oliva, 1900.

*Pontevedra en 1900*<sup>3</sup>, que se representaría como cerre dos festexos no Teatro Principal, o Mércores de Cinza e, como, entre os tres -ós que xocosamente autodefine como *Las tres Gracias*-, acordan o guión que como *leit motiv* abordará ese ano o carnaval: *Los habitantes de Pontevedra de hace tres siglos picados por la curiosidad de ver a sus descendientes y observar los cambios y progresos realizados desde entonces acá, acuerdan por unanimidad, tras ligera discusión pedir a Dios que les conceda cuatro días de licencia para abandonar sus tumbas y volver á la Tierra á correrse una juerguecita. Enterados nosotros de su llegada, los recibiremos dignamente, acompañándolos a todas partes*<sup>4</sup>.

Xunto ó *apropósito* de Enrique Labarta -en cuxo segundo acto intervén Ravachol, o popular loro de Perfecto Feijoo, no que supón a seu debut no Carnaval pontevedrés e un premonitorio anuncio do seu futuro protagonismo no mesmo<sup>5</sup>-, os programas de festas, o bando propagandístico e as letras dos coros do último entroido do século XIX serán encargados ó destacado escritor e xornalista Javier Valcarce Ocampo, a música ó violinista Isidro Puga, mentres que do deseño das carrozas, vestiarios e escenografías se ocuparía Demetrio Durán. A vinculación deste coas celebracións do carnaval pontevedrés viña de antigo, xa que na súa xuventude el fora o encargado de modelar para Andrés Muruáis (1851-1882) a máscara de Urco no mítico Carnaval de 1876, a edición que marca o punto de inflexión do arraigo e tradición da festa do entroido na cidade<sup>6</sup>.

Hoxe inxustamente esquecido, Demetrio Durán Hermida, inmerso no historicismo rexionalista, é un dos principais representantes do Decorativismo galego. Determinado por un claro interese polo efémero, sitúase na categoría dos chamados pintores-decoradores, ó abordar na súa obra non só as funcións propiamente pictóricas senón tamén outras tarefas relacionadas co interiorismo e a escenografía. Pertencente a unha familia acomodada, inicia a carreira de Medicina en Santiago, anque pronto abandonou os estudos universitarios para dedicarse á arte decorativa,

<sup>3</sup> *Pontevedra en 1900. Despropósito bufo, lírico, fantástico y carnavalesco, sin pies ni cabeza, en prosa y verso, dividido en 2 actos y 10 cuadros (Estrenado en el Teatro de Pontevedra la noche del 1 de marzo de 1900). Letra de Enrique Labarta Pose, Música de Isidro Puga.* Pontevedra. Tip. La Oliva, 1900.

<sup>4</sup> LABARTA POSE, E., *Op. cit.*, pp. VIII-IX.

<sup>5</sup> FUENTES ALENDE, X., “Tempo de entroido. O Loro Ravachol” en *Coñeces o teu?*, [www.museo.depo.es](http://www.museo.depo.es) (23/02/2009).

<sup>6</sup> FUENTES ALENDE, J., “O Carnaval de 1876 en Pontevedra” en *Coñeces o teu?*, [www.museo.depo.es](http://www.museo.depo.es) (8/03/2011).

actividade que compaxinará cun alimenticio traballo administrativo na secretaría do Instituto de Pontevedra.



*Las tres gracias.* Son de esquerda a dereita o secretario da *Sociedad Liceo Gimnasio*, Demetrio Durán Hermida e Enrique Labarta Pose. (Fotografía publicada en Labarta Pose, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Pontevedra, Tip. La Oliva, 1900, p. XX).

Durán, que goza de fama e popularidade na súa época, desenvolve praticamente toda a súa actividade artística na súa cidade natal. Iníciase baixo a influencia do pintor e ilustrador madrileño Federico Guisasola y Lasala (1830-1882), que, tras exercer desde 1860 a 1866 como Profesor Interino de Debuxo no Instituto pontevedrés, en 1872 se instalara definitivamente na cidade, onde deseñaría as decoracións do xa citado Carnaval de 1876<sup>7</sup>, nas que participaría o seu alumno mozo. Despois de participar na Exposición Rexional de Pontevedra de 1880, entre 1882 e 1887 Demetrio Durán foi o encargado de realizar os proxectos decorativos e as arquitecturas efémeras levantadas anualmente con motivo das festas da Virxe Peregrina<sup>8</sup>.

<sup>7</sup> TILVE JAR, M<sup>a</sup> A., “Os pensionados da Deputación de Pontevedra no século XIX” en *Os pensionados da Deputación de Pontevedra 1864-1933*. Pontevedra, Deputación Provincial, 2003, pp. 149-151.

<sup>8</sup> ECHAVE DURÁN, M<sup>a</sup> C., e FORTES ALÉN, M<sup>a</sup> J., “ Festexos da Peregrina: Devoción e lecer (1776-1976)”, *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, Xunta de Galicia, 2004, pp. 351-398.

Interesado pola ilustración gráfica, tras o frustrado intento de montar en 1892 un taller de litografía na cidade<sup>9</sup>, en 1893 foi colaborador artístico de *La Revista Popular*<sup>10</sup>, xunto con Benigno López Sanmartín e Lucía Rodríguez.

En 1897 decorou o Quiosco erixido no paseo central da Alameda para a Kermesse organizada pola Sociedade Económica de Pontevedra<sup>11</sup> e, ademais de numerosas escenografías para o Teatro Principal, en 1900 traballa na decoración interior do novo Circo-Teatro, inaugurado en xullo nos xardíns de Vincenti<sup>12</sup>, onde, entre outras, en 1909 realizará a ornamentación para a función que organiza a *Sociedad Artística* a beneficio dos superviventes dos terremotos de Messina<sup>13</sup>.

Pinta á témpora, con representacións alegóricas das Artes e as Letras, o artesoado do salón do Liceo Casino, desgraciadamente desaparecido no incendio que sofre o edificio en abril de 1980<sup>14</sup>, e en 1904, cuns vistosos motivos florais, o do salón de tertulias do Café Moderno de Pontevedra, no que o leonés Demetrio Monteserín pinta, tamén ese ano, varios murais<sup>15</sup>. Igualmente, en 1904, ademais de acometer a decoración de carnaval para os salóns da Sociedad Recreo de Artesanos<sup>16</sup>, por encargo da Compañía do Ferrocarril compostelán realizou a ornamentación das estacións de Carril e Cornes, con motivo da visita do Rei Alfonso XIII<sup>17</sup>.

O labor de Demetrio Durán como autor de decoracións efémeras será constante ó longo da súa carreira, destacando, entre outras, a realización en 1905 duns transparentes para os balcóns da Casa do Concello pontevedrés con motivo dunha homenaxe ós ministros locais no Goberno<sup>18</sup> e, en

<sup>9</sup> *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 30-12-1892, p. 5.

<sup>10</sup> Publicación pontevedresa, dirixida por Ramiro Vieira Durán, editada entre 1892 e 1896.

<sup>11</sup> *El Diario de Pontevedra*, 12-7-1897; *El Áncora. Diario de Pontevedra*, nº 67, 12-7-1900, p. 2.

<sup>12</sup> *Faro de Vigo*, 27-7-1900.

<sup>13</sup> *El Progreso*. Pontevedra, 24-1-1909.

<sup>14</sup> IGLESIAS PEREIRA, P. R., “El Teatro Principal de Pontevedra” en Boletín Académico. Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, N° 13, A Coruña, 1990, p. 53.

<sup>15</sup> VV.AA., *O antigo Café Moderno de Pontevedra*, Santiago de Compostela. Fundación Caixa Galicia, 2001.

<sup>16</sup> *El Diario de Pontevedra*, 16-2-1904.

<sup>17</sup> *El Diario de Pontevedra*, 18-7-1904.

<sup>18</sup> *El Diario de Pontevedra*, 3-2-1905.

1908, dunha serie de arcos de triunfo para o recibimento popular que o 29 de xullo tributa a cidade ó Ministro de Fomento, Augusto González Besada<sup>19</sup>. Tamén en 1908 traballa na decoración do Cine-Teatro de Cambados<sup>20</sup> e, ó ano seguinte, na escenografía para o estreno de *¿Neurastenia?*, obra teatral do médico e dramaturgo Heliodoro Fernández Gastañaduy, que se representou nunha festa a beneficio de *La Gota de Leche* en Pontevedra<sup>21</sup>.

En marzo de 1906 solicita ó Concello de A Coruña permiso para a instalación dun establecemento comercial provisional nos xardíns de Méndez Núñez. Tratábase dun café-restaurante, que Durán pensaba levantar na carreira norte do recheo paralelo ó Cantón Grande, e que proxectou seguindo un estraño vocabulario neo-indio, descoñecido na arquitectura galega, pero que resulta de gran vistosidade para unha edificación chamada a servir de reclamo para a burguesía da cidade. Sen embargo, e malia que contaba co apoio da Municipalidade, finalmente o edificio non chegou a construírse por desinterese do propio Durán, ó parecer ocupado noutras negocios<sup>22</sup>.

Integrante da famosa tertulia de Perfecto Feijoo, en 1909 incorpórarse ó coro *Aires da terra* ó que aportou, ademais da súa voz e o manexo do bombo, magníficos decorados<sup>23</sup>. En abril de 1911, despois de solicitar a excedencia do seu cargo como Oficial da Secretaría do Instituto pontevedrés, emigrou a Bos Aires onde se instala definitivamente<sup>24</sup>. Na capital arxentina, onde faleceu o 8 de outubro de 1942, foi tamén o encargado de realizar a escenografía para as actuacións de *Aires da terra* en setembro de 1914<sup>25</sup>.

En 1900 Labarta Pose define a Demetrio Durán como *simpático, rubio, delgado y con unos ojos muy azules, aunque ya de mediana edad, tenía la expresión de un niño que se hubiese quedado calvo. Su cabeza me hizo el efecto del redondel de una plaza de toros antes de la corrida (...)*

<sup>19</sup> *La Correspondencia Gallega*, 30-7-1908.

<sup>20</sup> *La Correspondencia Gallega*, 24-5-1908.

<sup>21</sup> *Vida Gallega*, nº 3, marzo 1909.

<sup>22</sup> FERNANDEZ FERNADEZ, X., “Una arquitectura desaparecida: Kioscos de refrescos y tinglados de feria de los jardines de Méndez Núñez de La Coruña”, Boletín Académico. Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, Nº 10, A Coruña 1989, pp. 48-49.

<sup>23</sup> CALLE, J. L., *Aires da terra. La poesía musical de Galicia*, Pontevedra, 1993.

<sup>24</sup> *El Diario de Pontevedra*, 1-5-1911; *La Correspondencia Gallega*, 2-5-1911, 24-6-1911; *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 20-6-1911.

<sup>25</sup> VILANOVA RODRÍGUEZ, A., *Los gallegos en la Argentina*, t. I, Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1966.

*Todo Pontevedra lo conoce y lo aprecia. Elemento indispensable en cuantas fiestas se organizan, es un verdadero estuche de habilidades con figura humana.*

*Listo como una ardilla, en poco más de 15 días ideó y construyó diez carrozas para el Carnaval, hizo los diseños de todos los trajes, dirigió la comparsa, pintó las decoraciones del “apropósito” y aún le sobró tiempo para vestirse de máscara el lunes de Carnaval e irse a tirar serpentinas a la batalla de flores organizada por el Casino.*

*¡Dios hizo el mundo en seis días; pero yo creo que si lo encargase a Demetrio Durán, lo hubiese terminado en cinco<sup>26</sup>.*

*Tipo del Carnaval antiguo.* (Fotografía publicada en Labarta Pose, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Pontevedra, Tip. La Oliva, 1900, p. IV). O evidente parecido físico do personaxe disfrazado cos retratos coñecidos de Demetrio Durán fainos sospeitar que se trata del mesmo.

O fastoso desfile organizado pola Sociedad Liceo Gimnasio, a nova sociedade recreativa que contaba con club de regatas e velocípedes, e en cuxa sede situada á beira do Lérez impartía clases de esgrima o florentino Attilio Pontanari, tivo lugar o domingo 24 de febreiro, un desaprácible e ventoso día invernal. Iniciouse ás once da mañá coa chegada á ponte do Burgo de once embarcacións, ricamente engalanadas, que conducían a comitiva do *Carnaval antiguo*, á que esperaba nos peirao a do *Carnaval moderno*. Tras o desembarco, entre os acordes da música, o estrondo das baterías navais e o clamor do numeroso público, celebrouse nos elegantes salóns da *Sociedad Gimnasio* unha vistosa “recepión oficial”. Aínda que durante o desembarco luciu timidamente o sol, axiña comezou a chover copiosamente. A pesar de todo, ás dúas e media da tarde, púxose en marcha a comparsa formada polas respectivas comitivas dos *Carnavales antiguo e moderno*.



<sup>26</sup> LABARTA POSE, E., *Op. cit.*, pp. V, XV

*Carroza de las Artes*, custeada polo *Recreo de Artesanos*, desfilando co *Coro de Trovadores*. (Fotografía publicada en Labarta Pose, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Pontevedra, Tip. La Oliva, 1900, p. XIII.



Trompeteiros, timbaleiros e heraldos abrían o cortexo. Iniciaba a marcha un monumental carro naval que representaba unha carabela tripulada por mariñeiros ataviados á moda do 1600, acompañado dun coro de mariños cantando una *barcarola*; despois, un *coche de gala* conducía á “SS.MM. el Carnaval antiguo y moderno” e, a continuación, a corte e séquito ecuestre do *Carnaval de 1600* coa súa fermosa *Carroza “de estilo gótico”*. Tras unha banda de músicos desfilaba, escoltada por un *coro de trovadores*, a *Carroza de las Artes*, unha das más vistosas que, guiada por un cisne e presidida pola deusa Poesía, fora custeada pola *Sociedad Recreo de Artesanos*. O desfile continuaba coa *Gran carroza del carnaval moderno* cuxa estrutura, tirada por dúas parellas de cabalos, estaba coroada por un trono en forma de media laranxa, unha representación do globo terráqueo, sobre o que sentaban unha parella de arlequíns, e que marchaba escoltada por un coro de *Pierrots* montados en burras. Seguíalle a fermosa e elegante *Carroza de la moda*, acompañada dun grupo de parellas bailando un *Minué* e, tras outra banda musical, a *Carroza de los vicios*, presidida polo Rei de Copas, flanqueada por un coro de *bebedores, glotones y jugadores*. Cerraban a cabalgata a *Carroza del Progreso* e a *Carroza del Rey Urco*, figura mítica que, con *Teucro*, participa igualmente na multitudinaria mascarada.

Xunto con outra banda de música e un séquito de carruaxes desfilou tamén outra carroza que representaba a Casa de Baños de Lourizán<sup>27</sup> e que fora encargada por Avelino e Gerardo Montero Villegas, os fillos de Eugenio Montero Ríos, a outro destacado pintor, Arturo Somoza (1878-1942)<sup>28</sup>. Esta eloxiada carroza, que coñecemos a través dunha bela fotografía, tomada ante as Ruínas de San Domingos, publicada na crónica dedicada ó carnaval de Pontevedra pola revista madrileña *Nuevo Mundo*<sup>29</sup>, sería a única allea a Demetrio Durán Hermida, artista que deseña a totalidade das carrozas que participan na comparsa organizada polo *Liceo Gimnasio*, así como o vestiario dos diversos grupos, un arduo traballo que completaría supervisando e dirixindo persoalmente a súa execución final.



*Carroza de la Casa de Baños de Los Placeres*, sufragada polos fillos de Eugenio Montero Ríos e deseñada por Arturo Somoza de Armas, desfilando ante as Ruínas de San Domingos. (Fotografía publicada en *Nuevo Mundo*, nº 323, Madrid, 14-3-1900).

<sup>27</sup> *Diario de Pontevedra*, 26-2-1900.

<sup>28</sup> De orixe galega, Arturo Somoza de Armas nacera en Matanzas Cuba) en 1878, aínda que desde moi novo residía en Galicia. Vinculado familiarmente con Pontevedra, en 1897 exercía a docencia en Santiago de Compostela como profesor da Escola de Artes e Oficios e, ese ano, colaborou con varios debuxos na edición do programa de festas do Apóstolo. Tamén en xuño dese ano pintou en pergameo o título de Fillo Adoptivo concedido polo Concello compostelán ó político Manuel García Prieto que, casado con Mª Victoria Montero Villegas, era xenro de Eugenio Montero Ríos. En febreiro de 1900 Somoza deseña por encargo de Avelino e Gerardo Montero Villegas, e cun claro interese propagandístico, a carroza que representa a Casa dos Baños de Os Praceres para o desfile do Carnaval de 1900. Establecido en Madrid, no curso 1910-1911 exerceu como profesor de debuxo no Centro Galego e, posteriormente, na Escuela de Artes y Oficios de Madrid, centro no que ostentaría a cátedra e a dirección. Concorre ás Exposicións Nacionais de Belas Artes de 1910 e 1912, sendo galardoado, nesta última, cunha Mención de Honra. En 1917 participou con dúas obras, *Esperando* e *La misa de once en la Catedral de Ávila*, na II Exposición de Arte Gallego e, en 1928, na exposición de arte galega promovida por *El Heraldo de Madrid*, na que presentou dúas acuarelas, *Atadeiros de Moaña* e *Misa de pomponos*. Cabaleiro da Orde de Carlos III, faleceu en Madrid o 23 de setembro de 1942.

<sup>29</sup> *Nuevo Mundo*, nº 323, Madrid, 14-3-1900.


No Museo de Pontevedra consérvanse os deseños de cinco destas carrozas e outro correspondente ó vestiario dos *bebedores y glotones* que acompañaban a *Carroza de los vicios*. Ó comparar estes debuxos coas diferentes fotografías da comparsa que ilustran tanto a obra de Enrique Labarta Pose, tomadas por el mesmo, como a crónica de *Nuevo Mundo*, observamos que tanto na construcción das estruturas como na confección dos traxes se seguiu fielmente o proxecto ideado por Durán. Descoñecemos a fonte de ingreso destes debuxos anque, moi probablemente, se incorporaron ó Museo a través da Colección Casal<sup>30</sup>.

Os bosquexos das espectaculares carrozas, nos que Demetrio Durán introduce elementos arquitectónicos do neogótico e formas ondulantes, liñas florais ou arabescos, seguindo as pautas ornamentais e os presupostos estéticos imperantes na *belle époque*, corresponden a:



<sup>30</sup> A colección Casal, conservada no Arquivo Documental do Museo, recolle un interesante conxunto de impresos relativos ó Carnaval de 1900. Destacan, junto á xa citada obra de Labarta Pose e o libreto do *apropósito*, diversas follas voanderas, o *Programa*, o *Bando* e as *Letras de los Coros*, editados pola Imprenta de José Millán e a Tipografía Landín (Casal 21-24).


1. *Carabela de los representantes del Carnaval antiguo*



Acuarela/papel, 33,5 x 47 cm.

Inscripciones: *Carabela de los representantes/del Carnaval antiguo* (marxe superior esquerda);  
*Carnaval de 1900 /Sociedad Gimnasio de Pontevedra* (ángulo inferior derecho).

Nº S/R. 000051



A carroza aparece reproducida fotográficamente en Labarta Pose, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Tip. La Oliva, 1900, p. V, e en *Nuevo Mundo*, nº 323, Madrid, 14-3-1900.

2. *Carroza del Carnaval antiguo*



Acuarela/papel, 33,6 x 47,2 cm.

Inscripciones: *Carroza del/Carnaval antiguo* (ángulo superior esquierdo); *Sociedad Gimnasio de Pontevedra/Carnaval de 1900* (ángulo inferior derecho).

Nº S/R. 000053



A carroza aparece reproducida fotográficamente en *Nuevo Mundo*, nº 323, Madrid, 14-3-1900.

3. *Gran Carroza del Carnaval moderno*



Acuarela/papel, 33,5 x 47,2 cm.

Inscripciones: *Gran Carroza del Carnaval moderno* (ángulo superior esquierdo); *Sociedad Gimnasio de Pontevedra/Carnaval de 1900* (ángulo inferior derecho).

Nº S/R. 000055



A carroza aparece reproducida fotográficamente en Labarta Pose, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Pontevedra, Tip. La Oliva, 1900, p. VII.

4. *Carroza de la moda*



Acuarela/papel, 33,5 x 47,1 cm.

Inscripciones: *Carroza de la moda* (ángulo superior esquierdo); *Gimnasio de Pontevedra/Carnaval de 1900* (ángulo inferior derecho). Nº S/R. 000054.



A carroza aparece reproducida fotográficamente en Labarta Pose, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Pontevedra, Tip. La Oliva, 1900, p. IX.

5. *Carroza de los Vicios*



Acuarela/papel, 33,4 x 47,1 cm

Inscripciones: *Carroza de los Vicios* (ángulo superior esquierdo); *Gimnasio de Pontevedra/Carnaval de 1900* (ángulo inferior derecho). Nº S/R. 000052



A carroza aparece reproducida fotográficamente en Labarta Pose, E., *El Carnaval de 1900 en Pontevedra*, Pontevedra, Tip. La Oliva, 1900, p. XI.

**6. Bebedores y glotones de la Carroza de los Vicios**



Acuarela/papel , 33 x 23,5 cm.

Inscripciones: *Bebedores Glotones etc.-/Carroza de los Vicios* (marxe superior); *Gimnasio de Pontevedra-Carnaval de 1900* (ángulo inferior derecho).

Nº S/R. 000050

Choveu, e moito, aquel 24 de febreiro en Pontevedra, tamén sopraba o vento e o fastoso cortexo que debía percorrer nun festivo itinerario as principais rúas da cidade vese obrigado, co imaxinable desgusto dos seus promotores, a regresar en apenas media hora á sede da *Sociedad Gimnasio*, onde, ás dez da noite, comezou un animado baile de máscaras no que participaron as Tunas de O Porto e Santiago.

Para a tarde do día seguinte o Liceo Casino, a terceira das sociedades recreativas existentes entón na cidade, organizara a celebración dunha gran Batalla de Flores na Avenida de Montero Ríos. Aínda que o tempo continuaba inestable, finalmente unha breve tregua da choiva permitiu que as carruaxes da comparsa se arriscasen a saír para desfilar pola avenida e establecer o particular combate de papeluchos, serpentinas e flores, coas damas situadas nos palcos instalados nos laterais da mesma. Durante a Batalla, na que tamén participou, enmascarado, Demetrio Durán, lanzáronse globos confeccionados pola acreditada *Casa Loreño* de Porriño. O martes de Carnaval, sen embargo, o empeoramento das condiciones meteorolóxicas fixo que, de novo, se suspendese a comparsa e únicamente se celebrase nos salóns do *Gimnasio* un baile amenizado polas bandas de música de Marín e da Beneficencia.



Comparsas dos *Carnavales antiguo e moderno*, posando ante a reixa das Ruínas de San Domingos. (Fotografía publicada en *Nuevo Mundo*, nº 323, Madrid, 14-3-1900).

Sorprendentemente, o Mércores de Cinza amañeceu soleado. Ás tres da tarde do 28 de febreiro o Liceo Gimnasio non quere desaproveitar a convixtura e decide sacar á rúa a magnífica comparsa que o temporal do domingo anterior deslucira. Anúncio cunha tirada de bombas de palenque e os pontevedreses acoden masivamente para contemplar o espectáculo. Por fin, para xúbilo do público, as carrozas de Demetrio Durán puideron percorrer as rúas e prazas da cidade. Ante a Casa do Concello e o Palacio Provincial os coros de Mariños, Trobadores e os Vicios cantaron as súas coplas e o grupo de parellas bailou o *Minué*, mentres desde a Alameda se elevaban globos de cores con caprichosas formas. É durante este improvisado desfile cando, posiblemente, se realizaron as fotografías que nos chegaron da comparsa, pois moitas delas teñen como fondo as Ruínas de San Domingos.

Rematado o brillante festexo, tras un espontáneo baile na galería da Sociedade, ás nove da noite procedeuse ó tradicional Enterro da Sardiña co que culminaron as festas de Carnaval. Agora, a *Carroza del Carnaval moderno* transformárase para acomodar unha colossal sardiña á que acompañaban catro enormes ollomoles, e precedían o cortexo fúnebre o resto das carrozas convenientemente iluminadas con artísticos vasos de cores.

O compoñente lúdico e frívolo desta comparsa de Carnaval resume a concepción hedonista e mundana da sociedade e mostra como, nestes anos, o ocio ten unha función social de prestixio e benestar económico para a clase burguesa. En Pontevedra, como ocorre noutras cidades españolas como San Sebastián ou Murcia<sup>31</sup>, é en 1900 cando da man das Sociedades Recreativas e imitando a espectacularidade do Carnaval de Niza, esta festa ancestral adquire un neto carácter urbano e se afasta dos ritos e personaxes tradicionais do Carnaval rural.

No triunfo deste novo Carnaval é indiscutible o xenio de Demetrio Durán Hermida, autor deste ambicioso e rechamante proxecto artístico de ampla repercusión, que continuará en 1901, de novo por encargo da *Sociedad Liceo Gimnasio*, co deseño das sete carrozas da comitiva do *Carnaval del Siglo XX*<sup>32</sup>.

**Mª Ángeles Tilve Jar**  
Conservadora do Museo de Pontevedra

---

<sup>31</sup> *Blanco y negro*, 24-2-1900; SÁNCHEZ ALBARRACÍN, M., *Fiestas de Primavera: Batalla de Flores en Murcia (1899-1977)*, Murcia, Universidad de Murcia, 2003.

<sup>32</sup> *Diario de Pontevedra*, 18-2-1901.